

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución pola que se inscribe no Rexistro e se dá publicidade ao acordo da comisión negociadora do convenio colectivo de Cespa, S.A. no seu centro de traballo en Santiago de Compostela, adicado ao mantemento dos parques e xardíns

Vista a acta da xuntanza celebrada o día 18.10.2017 pola comisión negociadora do convenio colectivo de CESPA, S.A. no seu centro de traballo en Santiago de Compostela adicado ao mantemento dos parques e xardíns (código 15100041012011), na que se recolle o acordo de modificar o artigo 6 do convenio colectivo publicado no B.O.P do 18.09.2017, de conformidade co disposto no artigo 90.º.2 e 3.º do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria

RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 16 de novembro de 2017.

O xefe territorial

Isidoro Martínez Arca

SERVIZOS

ACTA DA COMISIÓN NEGOCIADORA DE MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE CESPA, S.A. NO SEU CENTRO DE TRABALLO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, ADICADO AO MANTENEMENTO DOS PARQUES E XARDÍNS

Parte social

Plácido Pereira Ucha (STL), DNI 44811327J

Mario Pereira Ucha (UGT), DNI 33290802G

José Fernández Bardanca (CC.OO.), DNI 33269065W

Parte empresarial

Luis Incera Martínez, DNI 13763848G

Jorge Pérez Castillo, DNI 52754006X

Manuel Polledo Cerdeiriña, DNI 32815930J

Reunidas en Santiago de Compostela (Vía Faraday, 19, Polígono do Tambre) o día 18/10/2017 as partes arriba mencionadas, e constituídas coma comisión negociadora do convenio colectivo, ambas partes acordan modificar o artigo 6 do convenio colectivo para os anos 2017 a 2020 da empresa Cespa co seu persoal adscrito ó SERVIZO DE MANTENIMENTO DE PARQUES E XARDÍNS do Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A única modificación consiste en cambiar o número de “catro” vogais polo número de “tres” vogais, para as dúas partes integrantes da comisión mixta, quedando por tanto redactado o párrafo coma segue:

Art. 6.-Comisión mixta paritaria.

Composición.—A comisión paritaria estará integrada paritariamente por “tres” vogais en representación dos empresarios e outros “tres” en representación dos traballadores, todos eles elixidos entre as persoas asinantes do convenio.

Estando de acordo os arriba citados, se firma o presente documento en proba de conformidade e no lugar e data do encabezamento.

Autorízase a Manuel Polledo Cerdeiriña para facer os trámites necesarios para o rexistro e publicación da presente modificación do texto do convenio colectivo perante as autoridades competentes.

Parte empresarial:

Luis Incera

Jorge Pérez Castillo

Manuel Polledo Cerdeiriña

Parte social:

Plácido Pereira Ucha

Mario Pereira Ucha

José Fernández Bardanca



2017/9969